



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CREAMENTO DUNHA LISTAXE DE CANDIDATOS/AS, PREVIA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN FORESTAL DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2022)**

#### **ANTECEDENTES:**

O 21/01/2022 (DOG núm. 21) a Consellería de Emprego e Igualdade publicou a Orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G), solicitando 1 **peón forestal**.

Con data 6/05/2021, recíbese notificación de Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade (Rex. Nº 202200000001027) da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) nº de expediente 2022/000025-1 correspondente o procedemento TR351G, por importe de 13.921,47€ (Coefic. Financ. 100%)

Para elaborar unha listaxe de candidatos/as presentárase unha oferta de emprego no servizo público de emprego de Galicia, a efectos de cumprir o regulado no artigo 14 da Orde do 7 de xaneiro do 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade.

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:**

1. A Orde do 7 de xaneiro do 2022, no seu artigo 14 establece que os/as traballadores/as seleccionados/as deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia coma demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e que as entidades beneficiarias da subvención solicitarán os/as traballadores/as que necesiten, mediante a presentación dunha oferta de emprego na oficina pública de emprego que corresponda.
2. O proceso de selección e contratación dos desempregados/as respectará o establecido nos artigos 14,15 e 16 da Orde do 7 de xaneiro do 2022.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

3. A presente resolución ditase de conformidade coas atribucións conferidas ao alcalde polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 41 do Real decreto 2568/1986, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Levantar o reparo efectuado pola Intervención, dada a inaprazable e urxente necesidade de contar con persoal dedicado á limpeza de montes, actividade imprescindible para manter estes en perfectas condicións á hora de prever os incendios forestais e a súa normal utilización, competencias estas de ámbito local. Así mesmo, esta contratación atópase financiada ao 100% pola administración autonómica, que establece a súa legalidade nunha circular interpretativa. Por último, a promoción do emprego entre as persoas desempregadas considérase fundamental para a mellora da situación socioeconómica do Concello, buscando a integración da poboación no tecido laboral."

**SEGUNDO.** Aprobar as bases polas que se vai rexer a selección do persoal para cubrir a praza de 1 PEÓN FORESTAL do PROGRAMA APROL RURAL 2022 e convocar o correspondente proceso selectivo.

**TERCEIRO.** Publicar o anuncio xunto coas bases na páxina web do Concello e no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Carnota.

Ante min

Alcalde de Carnota

Secretario

Juan Manuel Saborido Rama  
Veiga Sierra

O

José Luis



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### **BASES DA CONVOCATORIA PROGRAMA: SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL APROL RURAL 2022 EXPEDIENTE: TR351G 2022/000025-1**

De conformidade coa resolución da Consellería de Emprego e Igualdade de 6/05/2022 (Rex. Nº 20220000001027) da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) nº de expediente 2022/000025-1 correspondente o procedemento TR351G, por importe de 13.921,47€ (Coefic. Financ. 100%)

#### **1. Obxecto**

**Contratación dun peón para tarefas de limpeza de montes**

#### **2. Características do Posto ofertado**

|                                    |                           |
|------------------------------------|---------------------------|
| Denominación do posto de traballo: | Peón forestal             |
| Réxime                             | Contrato laboral temporal |
| Unidade/Área                       | O.P./Servizos Múltiples   |
| Categoría profesional              | Peón forestal             |
| Titulación esixible                | Non se esixe              |
| Sistema selectivo                  | Concurso- Oposición       |
| Núm. de Postos que se convocan     | 1                         |
| Funcións encomendadas              | Propias do posto          |

#### **3. Modalidade e condicións do contrato**

|  |   |
|--|---|
| Modalidade segundo regulación do RDLex | A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de traballo |
|--|---|



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

|  |  |
|--|--|
| 2/2015 (Estatuto dos Traballadores) e do do Real decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. | temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (C.C. 405) segundo a disposición final segunda do Real decreto- Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que introduce a disposición adicional novena no texto refundido da Lei de emprego, aprobada por Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro. |
| Duración   | 9 meses  |
| Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)   | Completa   |
| Xornada de traballo (horas semanais e prestación)  | Segundo convenio   |
| Horario de traballo  | Segundo o cuadrante e necesidade do servizo  |
| Retribución bruta  | 13.921,47€ incluído cotización S.S.  |

### 4. Requisitos dos aspirantes

Segundo o artigo 14.5 “Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras” da Orde do 7 de xaneiro do 2022 (DOG núm. 21 de 1 de febreiro) terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

### **4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)**

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condición de obtela.
- c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.  
No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.  
No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Estar en posesión do CELGA 1, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega). En todo caso, e con arranxo

ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia en lingua galega (CELGA 1, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse no momento do inicio do proceso selectivo, agás o indicado no punto f) respecto a proba específica de lingua galega.

### 4.2. De carácter específico.

|  |
|--|
| a) Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. |
|--|

## 5. Publicidade

As presentes Bases publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na páxina web por un período de **2 días naturais**. Poderáselle dar maior difusión mediante inserción de anuncios nos medios de comunicación.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo, difundiranse mediante publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na súa páxina web.

## 6. Procedemento selectivo.

**6.1. Oferta de Emprego Pública:** procederase a presentar a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**6.2 Listaxe provisional de admitidos/as:** unha vez recibida a listaxe de candidatos/as, por Resolución de Alcaldía, aprobarase a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección, indicando, no seu caso, a causa de exclusión.

**6.3 Listaxe definitivo de admitidos/as:** concederase un prazo de **2 días naturais** para a emenda das causas motivadoras da exclusión. Transcorrido este prazo, por Resolución de Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Cando non existan circunstancias especiais de verificación dos requisitos a listaxe remitida e publicada ten a condición de definitiva.

Cando se esixan requisitos específicos cuxo cumprimento non poida ser verificado polo Servizo Público de Emprego de Galicia comunicarase tal circunstancia aos aspirantes, indicándolle o prazo e forma de acreditación de cara a súa admisión definitiva.

Por motivos de urxencia xustificadas no expediente poderase, excepcionalmente, aprazar o cumprimento dos requisitos anteriormente citados, sen que en ningún caso poida ser con posterioridade á celebración das entrevistas ou probas establecidas.

**6.4 Publicidade das listaxes:** as listaxes de admitidos/as, tanto provisional coma definitiva, expoñeranse publicamente na web e no taboleiro da sede electrónica do Concello.

**6.5 Baremación curricular:** recibida a relación de candidatos/as do Servizo Público de Emprego, reunirase o Tribunal cualificador para proceder á baremación dos/as traballadores/as. Ao mesmo tempo e no mesmo prazo, se a documentación remitida polo Servizo Público de Emprego é insuficiente para valorar os méritos, solicitaráselles ás persoas interesadas a achega daquela documentación que sexa necesaria, se o tribunal o considera así oportuno.

### **6.7. Órgano de selección**

A Comisión Técnica de Selección estará composta polos seguintes membros:

| <b>Cargo</b>                      | <b>Identidade</b>   |
|-----------------------------------|---|
| Presidente/a                      | José Antonio Maceiras Martínez, funcionario, Tesoureiro do Concello de Carnota.           |
| Secretario/a (con voz e sen voto) | María Dolores Maceiras Martínez, funcionaria administrativa de secretaría.                |
| Vogal                             | María José Lago Freire, Traballadora social do concello de Carnota (persoal laboral fixo) |



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

|       |  |
|-------|--|
| Vogal | Jesús López Rama, funcionario,<br>Policía Local    |
| Vogal | Javier Lestón Siaba, funcionario,<br>Policía Local |

No caso de ser necesaria a substitución dalgún dos membros por causa xustificada, o alcalde efectuará a oportuna designación, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na súa páxina web.

A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros e requirirá, en todo caso, a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora en materia de igualdade entre homes e mulleres. Os membros do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

### 6.8. Colaboradores.

Cando o procedemento selectivo, por dificultades técnicas ou doutra índole, así o aconsellen, o Tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer a incorporación ao mesmo, con carácter temporal, doutro persoal municipal, doutras Administracións Públicas ou do sector privado que colaborará, exclusivamente, no exercicio das súas especialidades técnicas no desenvolvemento dos procesos de selección e baixo a dirección do citado Tribunal.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

### 6.9. Sistema de selección e puntuación.

#### 6.9.1 Experiencia profesional (Ata un máximo de 6 puntos).

**Puntuación:**





## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- Por servizos prestados en calquera Administración pública, en postos de traballo das mesmas características que as do posto ao que se opta: 0,50 puntos por cada 2 meses ou fracción superior a 1 mes.
- Por servizos prestados na empresa privada, en postos de traballo das mesmas características que as do posto ao que se opta: 0,20 puntos por cada 2 meses ou fracción superior a 1 mes.

### **6.9.2 Valoración do perfil profesional e de coñecementos. (Ata un máximo de 14 puntos).**

A proba divídese en dúas partes

#### **1) Entrevista persoal.**

Formularanse diversas cuestións e supostos relacionados cos aspectos funcionais, organizativos e de execución da actividade propia do posto de traballo ao que se opta, considerando aspectos relativos tanto á aptitude como á actitude dos/as aspirantes.

A entrevista, que será preparada pola Comisión de selección co asesoramento dos profesionais ou técnicos especializados na materia, valorarase cunha puntuación máxima de 4 puntos.

#### **2) Proba Práctica.**

Será criterio preferente a adecuación ao posto de traballo dos/as aspirantes, dentro da valoración xeral do perfil profesional que figure no Servizo Público de Emprego.

Realizarase un exame oral e unha proba práctica ao persoal remitido pola oficina de emprego, que consistirá na formulación de 5 preguntas (duración máxima de 30 minutos) e a proba práctica, sobre algún dos temas que figuran a continuación.

Esta proba efectuarase no galpón de obras do Concello de Carnota

Temas do exame oral:

- O concello de Carnota: parroquias, lugares e coñecementos en xeral.
- Prevención de riscos laborais no posto de traballo de limpeza de espazos forestais.
  - Manexo de cargas: Tipoloxía e modalidades de utilización.
  - Medidas de seguridade de máquinas portátiles
  - Seguridade en poda
  - EPIS
- Procesos de traballo dun peón forestal: ferramentas, equipos, materiais e medios auxiliares, así como o seu mantemento e coidado básico.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- Recoñecemento de ferramentas utilizadas en desbroce.
- Mantemento de xardíns. Sega e acumulación de materiais.
- Mantemento de cunetas e gabias.

Esta proba valorarase ata un máximo de 5 puntos.

Materia da proba práctica:

- Manexo de maquinaria e ferramentas a empregar no posto de traballo.
- Actuacións de mantemento e coidados básicos da maquinaria e ferramentas a empregar no posto de traballo.

Esta proba valorarase ata un máximo de 5 puntos, conforme á seguinte escala:

- Moi axeitado ( de 3 a 5 puntos)
- Bastante axeitado (de 1,5 a 3 puntos)
- Minimamente axeitado (de 1 a 1,5 puntos)
- Nada axeitado (0 puntos)

En caso de empate, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

Primeiro: a maior puntuación obtida na fase de oposición; segundo: a maior puntuación obtida na valoración dos méritos.

### **6.10. Chamamentos.**

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluído quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada pola Comisión Técnica de Selección.

A forma do chamamento para comezar as probas, será a chamada dos aspirantes segundo a inicial do seu primeiro apelido, continuando por orde alfabética.

Os/as aspirantes deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

No momento da entrevista deberán achegar debidamente cuberta a solicitude de participación no proceso de selección (**ANEXO I**), acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Copia da tarxeta de demandante de emprego



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### 6.11. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución..

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Valoración confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e formulará a correspondente proposta de contratación, concedéndose un prazo de **2 días hábiles** para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

No caso que o candidato/a rexeite a contratación, deberá comunicalo por escrito nun prazo máximo **dun día hábil**; de non facelo, o funcionario que realiza o chamamento poderá realizar unha dilixencia de renuncia do candidato.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes en materia de valoración que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria, acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións propios do posto de traballo da presente convocatoria.

### 7. Constitución de bolsa de emprego

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso de selección e non resulten contratadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida.

### 8. Incidencias

A Comisión está autorizada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo conforme á discrecionalidade técnica que a caracteriza.

### 9. Réxime de recursos

Contra as presentes bases, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en lugar diferente, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

### **10 Normativa aplicable**

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e, no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 13 de xuño.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### Anexo I

## PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR 1 PRAZA DE PEÓN FORESTAL (**APROL RURAL 2021**)

### MODELO DE SOLICITUDE

#### DATOS PERSOAIS

|                 |          |
|-----------------|----------|
| APELIDOS E NOME | DNI      |
| DOMICILIO       | Teléfono |

**SOLICITO** participar na convocatoria para a selección de persoal identificada no encabezamento, a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso, segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a achegar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

ACHEGO OS SEGUINTES DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (Anexo II):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

1. Copia tarxeta de demandante de emprego
2. Fotocopia DNI
- 3.
- 4.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

(...)

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ do 2022

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA

### AUTORIZACIÓN PARA O USO DOS DATOS PERSOAIS

D./D.<sup>a</sup> .....  
DNI .....

Entrego no Concello de Carnota a documentación como demandante de emprego e candidato/a ao **Programa APROL RURAL 2022**, e dou o seu consentimento, de acordo coa Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de regulación de tratamento automatizado de datos de carácter persoal, ao Concello de Carnota e aos Servizos Municipais de Emprego para que poidan facer uso dos datos contidos neles, e ceder os meus datos de carácter persoal, unicamente coa finalidade de procura de emprego nesta administración que está en disposición de ofertar postos de traballo.

E para que así conste, asino a presente autorización.  
Carnota \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2022

Asinado:



## **CONCELLO DE CARNOTA**

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA